



Restaurantes, bares e aloxamento

Restaurantes e bares:

1. Casa Varela
2. Casa Pichín
3. Restaurante Paz y Ana
4. Restaurante/ Hostal San Martín
5. Casa Carteiro
6. Bar/Hospedaje Cereixo
7. A Cantina
8. Taberna do Labrego
9. Café Bar A Rotonda
10. Sara Café y Bar
11. Restaurante Galicia
12. Restaurante Hostal Ruta Esmeralda

Aloxamento:

4. Restaurante/ Hostal San Martín
6. Bar/Hospedaje Cereixo
12. Restaurante Hostal Ruta Esmeralda



Museos e patrimonio

CASA MUSEO VÍCTOR CORRAL

Víctor Corral naceu en Baamonde en 1937 nunha familia de once irmáns. Estudou Artes e Oficios en A Coruña co escultor José Juan, e en Barcelona con Montagut. Tivo obradoiro en Barcelona, onde chegou a tallar 40 “Quixotes” no día. Volveu a Galicia e pronto expuxo con notable éxito, en Lugo, A Coruña, Santiago, Vigo, Ferrol, Pontevedra, Oviedo, Madrid, Barcelona, Xenebra... e súa obra figura no Parlamento de Galicia, en museos de Chicago, Nova Iorque, Lugo, A Coruña, Pontevedra e moitos máis concellos de toda Galicia. Escultor de referencia ineludible na historia da arte de Galicia, en Baamonde abre ao mundo a súa Casa-Museo. Ten máis de dous milleiros de obras entre as que destaca a capela instalada no interior do castiñeiro milenario das inmediacións da igrexa de Baamonde, e a súa Casa/Museo.

IGREXA DE SANTIAGO DE BAAMONDE

Está situado este templo nun pequeno alto á beira da estrada xeral Madrid – A Coruña. O inicio da súa construción data do século IX, e daquela época quedou unha pedra de forma prismática de 1 metro de altura, que serviu bastante tempo de base de pia de auga bendita, e que apareceu baixo o altar maior ao efectuarse as últimas reformas. A nave é do século XII e a capela maior do s. XV, tendo detrás desta unha pequena sancristía posterior. A parte románica acusa o influxo das peregrinacións a Santiago. Ata 1853 enterrábase no interior do recinto.

CASTIÑEIRO MILENARIO

No lugar de Baamonde atópase un enorme castiñeiro xunto a unha pequena ermida románica do século XIII que conserva un vello sepulcro e a pila bautismal. O Castiñeiro de Baamonde salvouse de converterse en achas grazas á intervención de Víctor Corral, o afamado escultor begontino que se encerrou dentro do oco que albergaba o exemplar, ao decatarse do seu inminente curta debido á ampliación da estrada nacional. Ademais, o escultor limpou e saneou o seu interior deixando no oco interior do castiñeiro a súa impronta: un bonito altar no que esculpiu á Virxe do Rosario, patroa de Baamonde.

IGREXA DOS MILAGRES DE SAAVEDRA

Igrexa localizada na parroquia da Sta. María de Saavedra, adscrita á diocese de Mondoñedo-Ferrol. Ten unha única nave, unha capela lateral e un presbiterio reconstruído. Adosada ó muro esquerdo da capela maior consérvase unha importante lápida funeraria do século XVI. O texto epigráfico fai referencia ós personaxes alí enterrados: D. Roi González de Ribadeneira Sabedra e a súa dona D^a Violante de Losada. No seu interior, preside a imaxe da Virxe dos Milagres. Asimesmo conta cun cruceiro, coa Capela de Maciñeira con retablo e coa Capela de Santo Tomás.

O día 24 de maio, data da festividade da Virxe dos Milagres, acoden devotos (moitos deles camiñando) de moitos municipios da provincia de Lugo e Galicia. A maioría dos devotos, ó chegaren ó santuario, dan unha ou máis voltas ó seu redor, descalzos, de pé ou de xeonllos. Nas súas mans poden levar unha imaxe pequena da Virxe, candeas acesas ou non e tamén exvotos de cera que representan o corpo humano.

Concello de
Begonte

un lugar por descubrir



www.concellodebegonte.es | www.turismodebegonte.es



FEADER
Europa inviste no rural
UNIÓN EUROPEA



Natureza e sendeirismo

RUTA DE SENDEIRISMO DOS CANEIROS E LAGOAS DE RIOCALDO

As Lagoas de Riocaldo

As Lagoas de Riocaldo –xunto á de Pozo do Olló– están situadas entre as parroquias de Begonte e Pacios, e contan cun microclima específico e unha abundante e notable flora e fauna acuática entre a que se atopan diversas especies de enorme interese. Por elo, o espazo no que se encadran –“**Parga-Ladra-Támoga**”– foi declarado **Lugar de Interese Comunitario** (LIC) dentro da Rede Natura 2000. Ademais o concello de Begonte atópase incluído dentro da Reserva da Biosfera “**Terras do Miño**”.

O Pozo do Olló

O Pozo do Olló orixinouse como unha grande sima da que, logo complexa evolución xeolóxica resultou unha lagoa de **45 m de diámetro e cunha profundidade de 38 m**. O lago permanece rodeado completamente por bosques climáticos e alberga unha heteroxénea flora e fauna acuática.

RUTA DO BOSQUE SAGRADO-CÍRCULO DE DONALBAI

A ruta, coñecida co nome de Círculo de Donalbai, é un **itinerario circular duns 26 quilómetros** de perímetro que discorren polos concellos de Begonte e Outeiro de Rei e que se poden percorrer en varias etapas, xa que se divide en dous percorridos adaptados ás capacidades dos camiñantes. O percorrido da ruta **é como un petróglifo, similar ao achado en Donalbai**, cun centro e tres círculos concéntricos atravesados por unha liña deste a oeste. Os camiñantes gozarán da natureza, ao mesmo tempo que poderán achegarse ao patrimonio arqueolóxico chairego, tanto ao pasado rupestre, como a elementos castrexos, románicos ou medievais, que se conservan no lugar. No perímetro hai doce igrexas, todas asociadas a elementos rupestres ou a fontes milagrosas como as de Santa Elena ou Santa Marta, en Begonte. E no centro está a igrexa de San Cristovo de Donalbai, moi preto da Pena dos Mouros, un elemento megalítico cun gran valor sacro. Outros puntos de interese son Penas de Rodas, en Outeiro de Rei.

A Pena dos Mouros (Donalbai)

O conxunto Pena dos Mouros (Donalbai) está formado por **tres enormes piares de seis metros de alto sobre o que asenta unha pedra en forma de ril** ou de cranio de can. Seguindo unha liña recta, chégase ata as Penas das Rodas, no concello de Outeiro de Rei, que, segundo algúns investigadores, se utilizarían como observatorio astronómico. Neste senso, semella que durante os solsticios o sol atravesa as Penas das Rodas e logo penetra na Pena dos Mouros. O mito conta que o último raio de luz do sol poñente do antigo día de defuntos, o atardecer do 7 de novembro coñecido coma o “Samhain celta”, ilumina a conca ocular do imaxinado “cranio de can”, e deste xeito guía o noso espírito ao “outro mundo”. Así, a porta do outro mundo ábrese e os iniciados poden entablar comunión cos seus devanceiros. Contan tamén que a pena foi dinamitada en parte nos anos vinte do século XX por mor dunhas disputas familiares. Antes diso había un gran abrigo baixo o que se facía o magosto. Segundo o saber popular o penedo en sí é unha moura e dentro habitaba unha gran cobra que podía devorar á xente. Tamén se fala da aparición dunha muller que vivía na pena e que se adicaba a coller a la das ovellas para tecer. Mesmo se asegura que no lugar os mouros agocharon un tesouro que roubaron durante a I Guerra Mundial.

O Belén de Begonte

O BELÉN

Trátase dun belén que ten vida propia, no que as figuras están animadas electronicamente e, conxuntamente, conforman unha escena de Belén tradicional axeitado a Galicia, onde os labregos cultivan a terra, os pastores atenden o gando, os carpinteiros carpintean e os pescadores pescan, onde ademais se representa o día, a noite, treboadas... Todo para mellor escenificar, representar, unha conxunto que ten tanto de inocencia como de técnica, de fe como de respecto á tradición.

No decurso dos anos o Belén foi medrando, ocupando toda a planta baixa do local onde está instalado, e cada ano vive unha fonda transformación que sorprende ao visitante, incluso o que ven todos os anos.

Na sala inmediatea ó Belén está montado o Museo do Belén, onde se van incorporando en cada edición os edificios, as figuras e os conxuntos animados que cada ano van sendo renovados na instalación.

O NADAL

A tempada do Nadal, en Begonte, dura dous meses. Desde comezo de decembro ó remate de xaneiro.

O comezo márcao o **Pregón do Nadal** que pronuncia un persoeiro da vida cultural, social ou relixiosa de Galicia. Pregoeiros do Belén foron os dous últimos arcebispos de Santiago de Compostela e os bispos de Mondoñedo-Ferrol e Lugo, Fraga Iribarne, Vázquez Portomeñe, López Besteiro, García Leira, Manuel Regueiro, Luís Rial, Tuñas Bouzón, Filgueira Valverde, López Orozco, Adolfo de Abel, Blanco Campaña, Jesús Parga, etc.

Cada ano convócase cadansúa edición do Certame galego de arte “José Domínguez Guizán”, o Certame Nacional de Poesía sobre O Nadal, o Certame de Xornalismo sobre O Nadal, o Certame de Debuxo infantil, e publícase un libríño cos traballos premiados en cada edición dos certames de poesía e xornalismo.

Desde Begonte animamos a todos a visitar o Belén de Begonte, agardando que, como quería Fiz Vergara Vilarino, nos aproveite a visita:

“A Begonte este ano iremos pra visita-lo Belén; de Begonte voltaremos encheitos de paz e ben.”

Descargue neste enderezo a aplicación para acceder ás rutas xeoreferenciadas co seu dispositivo móbil con GPS e á información turística do Concello de Begonte.

<http://www.turismodebegonte.es/mobile>



Restaurantes, bares e aloxamento

Casa Varela

Tel **982 390 346** | <http://vareladamil.blogspot.com.es>
Damil, 18

Casa Pichín

Tel **982 390 061**
Damil, 4

Restaurante Paz y Ana

Tel **982 390 504** | www.restaurantepazyana.com
San Estevo de Uriz, s/n

Restaurante Hostel San Martín

Tel **982 390 306**
Estrada N-VI, Km 520, Carral

Casa Carteiro

Tel **982 396 111**
Toimil, s/n, Santalla de Pena

Bar Hospedaje Cereixo

Tel **982 396 300**
Praza Irmáns Souto Montenegro, 7, Begonte

A Cantina

Tel **982 396 251**
Feal, s/n, Polígono Industrial de Begonte

Taberna do Labrego

Tel **982 398 262** | **687 854 366** | www.tabernadolabrego.com
Camiño Real, 32, Pacios.

Cafe Bar A Rotonda

Tel **982 398 208**
Baamonde

Sara Café y Bar

Tel **982 398 017**
Baamonde

Restaurante Galicia

Tel **982 398 085** | www.restaurantegalicia.info
N-VI, 22, Baamonde

Restaurante Hostel Ruta Esmeralda

Tel **982 398 102**
N-VI, Km 528